



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Traballo de Fin de Grao | | | |
| Código | V01G160V01991 | | | |
| Titulación | Grao en Estudos de Galego e Español | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Rodríguez Vega, María Regina | | | |
| Profesorado | Rodríguez Vega, María Regina | | | |
| Correo-e | xinavega@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O "Traballo de fin de grao" (TFG) é un traballo persoal que o discente debe facer de maneira autónoma baixo a titorización dun/ha docente da Facultade con docencia no grao. O TFG está orientado á avaliación das competencias asociadas ao título (Real Decreto 1393/2007). Xa que é un requisito para a graduación, debe entenderse como unha oportunidade de aprendizaxe que ilusione antes que coma un mero trámite. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A1 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| D1 | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| D2 | Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| D3 | Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética. |
| D4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| D5 | Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

Resultados de aprendizaxe

| | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

Na memoria do grao non se describiron competencias específicas para o TFG fóra das competencias xerais do grao.

| | |
|----|----|
| A1 | D1 |
| A2 | D2 |
| A3 | D3 |
| A4 | D4 |
| A5 | D5 |

Contidos

| Tema | |
|----------------------------|--|
| -Estrutura básica | 1. Portada 2. Índices (contidos, táboas, ilustracións, figuras, anexos, etc.) 3. Dedicatorias e agradecementos 4. Resumo e palabras clave 5. Introducción/presentación 6. Marco conceptual 7. Metodoloxía 8. Resultados 9. Conclusións Bibliografía Anexos |
| -Introducción/presentación | Recoméndase que inclúa os seguintes apartados: -O obxecto de estudo material -Xustificación do tema elixido -Revisión crítica de antecedentes -Obxectivos -Estrutura do TFM |
| -Marco conceptual | Recoméndase que inclúa unha revisión dos conceptos fundamentais e dos argumentos epistemolóxicos que se manexan no TFG. |
| -Metodoloxía | Trátase de responder ao "como", isto é, describir as técnicas e os procedementos que se levaron a cabo para desenvolver o proxecto. Os materiais utilizados, a perspectiva metodolóxica (cuantitativa, cualitativa, mixta), as técnicas de produción de datos utilizadas, así como todos os aspectos que se considere preciso destacar sobre o procedemento seguido na elaboración do TFG. |
| -Resultados | Descrición clara e interpretación dos resultados obtidos. |
| -Conclusións | As conclusións son fundamentais e nunca deben redactarse como se se tratase dun resumo do traballo. Deben poñerse en relación coa(s) pregunta(s), cos obxectivos e/ou hipóteses propostos. Recoméndase que as conclusións rematen con algunha suxestión de liñas de traballo futuras. |
| -Bibliografía | A bibliografía ha incluír só as referencias citadas no texto. Hai varios modelos válidos para elaborar unha bibliografía. Recoméndase a que recolleamos no apartado "Bibliografía. Fontes de Información" desta mesma guía docente. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballos tutelados | 5 | 145 | 150 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| Descrición |
|------------|
|------------|

| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>Na redacción e presentación do TFG suxírese que se sigan as seguintes pautas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Extensión. O TFG terá unha extensión entre 7000 e 9000 palabras. Deberá ser entregado en formato impreso (3 copias) e en PDF. Recoméndase a impresión do TFG a dobre cara. -Portada. Haberá de incluír: Grao Universitario en Estudos de Galego e Español / Facultade de Filoloxía e Tradución / Universidade de Vigo (na parte superior dereita), título completo do TFG, autoría e dirección, mes-ano da presentación (parte inferior). -Elementos gráficos. As figuras, gráficos, imaxes, táboas, etc. numeraranse correlativamente e virán acompañadas dun título na parte superior (exemplo: [Figura 1: Título da figura]). -Aspectos ortotipográficos: fonte tipo Baskerville, Candara, Book Antiqua, Garamond (12 pt), interlineado 1.5, aliñación xustificada, marxes 2.5 cm. -Notas ao pé. As notas terán numeración automática, aparecerán a pé de páxina e estarán no mesmo tipo de letra (10 pt). -Citas. As citas textuais de ata dúas liñas incluíranse no corpo do texto, marcadas entre comiñas e seguidas pola súa referencia: o apelido do/a autor/a (ou autores/as), o ano de publicación e o número da(s) páxina(s) entre parénteses. Exemplo: corpo do texto [cita textual breve entre comiñas] (Apellido1 e Apellido2, 2007: 121-122). As citas textuais superiores a dúas liñas inseriranse nun parágrafo á parte con sangría esquerda. Na fin da cita, entre parénteses, aparecerán o apelido do/a autor/a (ou autores/as), o ano de publicación e o número da(s) páxina(s). Exemplo: (Apellido1 e Apellido2, 2007: 121-122). |
|---------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>O TFG realízase baixo a supervisión dun titor ou dunha titora. O discente ten dereito a unha atención personalizada co seu titor ou titora dende o momento en que a Facultade llo asigna. Como sinala o regulamento do TFG da Facultade de Filoloxía e Tradución, no seu artigo 4.6 "O profesorado non ten a obriga de lle dedicar máis horas de atendimento ó alumnado cás recoñecidas na 'Normativa de recoñecementos docentes' aprobada anualmente polo Consello de Goberno". Para o curso 2014-15, a normativa recoñece 5 horas por TFG. En todo caso, o discente poderá superar ese recoñecemento horario na medida en que o estime oportuno para un seguimento satisfactorio do traballo.</p> |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------|---------------|---|
| Traballos tutelados | 100 | <p>A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Calidade técnica do traballo, fundamentación teórica, proposta metodolóxica, capacidade crítica do discente (60%). -A presentación escrita do TFG (20%). Valorarase especialmente a corrección formal e a adecuación aos estándares académicos descritos nesta guía -A defensa oral do TFG (20%). Valorarase especialmente a habilidade e o dominio da linguaxe verbal e a capacidade de síntese. |
| | | <p>A1 D1</p> <p>A2 D2</p> <p>A3 D3</p> <p>A4 D4</p> <p>A5 D5</p> |

IMPORTANTE

O seguimento dunhas normas éticas considérase básico na elaboración do TFG. En particular, o respecto polo recoñecemento da autoría allea. Así, calquera plaxio identificado será motivo de suspenso do TFG. Entenderase por plaxio calquera reprodución literal presentada como propia dun texto alleo, independentemente da súa extensión ou calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun/a autor/a que non se mencione nas referencias e, isto, sexa cal sexa a súa procedencia (dun traballo individual ou colectivo, dunha publicación impresa ou dun documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está levando a cabo por parte dalgún/a compañeiro/a, etc.).

Outros comentarios sobre a Avaliación

Defensa oral do TFG.

O/A estudante disporá de 10 minutos para presentar a súa proposta. Recoméndase que inclúa na súa intervención os aspectos seguintes:

-*Introdución*: problemática obxecto de estudo e o seu interese.

-*Bases teóricas e/ou metodolóxicas*: marco teórico e hipótese(s) do traballo.

-*Resultados*: principais resultados obtidos.

-*Conclusiones*: achegas do traballo ao obxecto de estudo

Na presentación oral o alumnado non poderá ler. Si poderá empregar un pequeno guión ou acompañar a súa presentación oral de material de soporte visual, auditivo, etc., pero a presentación oral NON pode constituír a simple lectura do devandito material.

Os membros da comisión avaliadora presentarán nun tempo máximo de 15 minutos os seus comentarios e preguntas, as cales deberá contestar, brevemente, o/a estudante.

Despois da deliberación a porta pechada, e unha vez decidida a cualificación do TFG (que, segundo se recolle no artigo 7, parágrafo 7, do Regulamento do TFG da Facultade de Filoloxía e Tradución, deberá ser numérica, de 0 a 10, coa posibilidade de outorgar matrícula de honra (MH) nas condicións determinadas na normativa), a comisión avaliadora levantará acta do acto de defensa e entregarlle unha copia á persoa responsable da materia (para que complete a acta correspondente na secretaría virtual) e outra á Secretaría do alumnado (cfr. art. 7, parágrafo 9 do Regulamento do TFG da FFT). No suposto de que a cualificación do TFG sexa a de suspenso, lémbrese que a comisión avaliadora lles entregará a estudantes e profesorado titor un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o TFG en posteriores avaliacións (cfr. art. 7, parágrafo 8 do Regulamento do TFG da FFT).

Bibliografía. Fontes de información

En cada TFG haberá que empregar toda aquela bibliografía que o/a autor/a, baixo a supervisión do profesorado titor, considere conveniente. A epígrafe Bibliografía só recollerá os traballos citados no TFG e aparecerá despois do final do texto, separada por unha liña en branco, e con sangrado francés. Ordenarase alfabeticamente por autor/a e ano de primeira edición do orixinal segundo os modelos seguintes:

Baranda Leturio, Nieves (2001). *La prosa y el teatro medievales*. Madrid: UNED.

Gordon, Raymond G., Jr. (ed.) (2005). *Ethnologue: Languages of the World*. Dallas, Texas: SIL International. Dispoñible en liña: <http://www.ethnologue.com> Herrero Blanco, Ángel (2002). "La investigación lingüística de las lenguas de signos". *LynX. Panorámica de Estudios Lingüísticos*, 1, 9-47.

Ruiz García, Martha Elizabeth (2001). *El español popular de Chocó, Colombia: evidencia de una reestructuración parcial*. Doctoral thesis. Ann Arbor: University Microfilm International.

Wagner, Claudio (1991). "Las lenguas indígenas de América (lenguas amerindias)". *Documentos Lingüísticos y Literarios*, 17, 30-37. Dispoñible en liña: http://www.humanidades.uach.cl/documentos_linguisticos/document.php?id=350 **Servicio de Biblioteca de la Universidad de La Laguna, Cómo elaborar un trabajo. Dispoñible en liña: http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Como_elaborar_un_trabajo/es (última consulta: 20/07/2012).**

Warburton, Nigel (2007). *The Basics of Essay Writing*. Oxford: Routledge. Citado pola edición española: *Cómo aprender a escribir*. Traducido por Lourdes Bassols Pascual. Barcelona: Paidós, 2012.

Recomendacións